



## **GUIÓN ORIENTATIVO PARA A CONFIGURACIÓN DO PORTAFOLIO**

### **GRAO DE EDUCACIÓN SOCIAL**

**QUE É O PORTAFOLIO?** O portafolio é un documento no que se describe, analiza e reflexiona sobre a experiencia do Practicum. Forma parte da avaliación, ten un peso do 40% na cualificación global e vai ser avaliado polo/a titor/a da Facultade. Para aprobar o Practicum hai que ter aprobado o portafolio.

### **PROPÓSITOS DO PORTAFOLIO**

- Poñer en práctica a descrición e análise de escenarios, grupos sociais, situacións e actuacións, introducindo a reflexión fundamentada e apoiada nos coñecementos teóricos.
- Aplicar as capacidades de selección, organización, síntese e análise da información.
- Analizar e reflexionar sobre as competencias profesionais necesarias para o exercicio profesional e sobre as propias necesidades de formación.

### **ASPECTOS FORMAIS**

1) Portada (anexo I).

2) O traballo debe de ter un índice paxinado no que se reflecta, como mínimo o número de apartados que se recollen neste guión do portafolio, así como os subapartados que o alumno/a considere necesarios para mellor orientar a lectura do mesmo. Se procede, pódese incluír índice de táboas, gráficos.

3) Apartados do Portafolio (anexo II).

4) Formato:

- Extensión: entre 20 e 30 folios polas dúas caras (é dicir, entre 40 e 60 páxinas), mais os anexos
- Letra: Times New Roman 12
- Interliñado de 1,5 liñas e aliñamento xustificado



- Marxes superior e inferior de 2,5 cm
- Marxes laterais de 2,5 cm

5) Bibliografía. Na bibliografía só se recollerán as referencias que foron citadas ao longo do Portafolio, e organizarase seguindo algún dos formatos recomendados para a redacción de citas bibliográficas, como por exemplo APA, VANCOUVER (URM), HARVARD, CHICAGO (CMS) (CMOS, etc.

6) Anexos. Nos anexos incluírase aquela documentación que sirva para fundamentar e ampliar o contido do Practicum. Os anexos deben ir recollidos no índice, e por tanto, paxinados.



# PRACTICUM I

Nome e apelidos do autor/a  
Titor/Titora Facultade (no me e apelidos)  
Institución de Practicum  
Titor/Titora da Institución (nome e apelidos)

Grao en (nome da titulación)

Curso 20\_\_-20\_\_



**Anexo II. Apartados do Portafolio**

**PORTAFOLIO. PRACTICUM I**

Índice paxinado

**1. INTRODUCCIÓN**

- a. Selección da institución: xustificación e valoración. Razóns que che levaron a escoller a institución.
- b. Breve presentación da configuración do portafolio, facendo un breve avance do seu contido e incluír, de ser o caso, os agradecementos.
- c. Breve descrición da organización temporal e das tarefas encomendadas (anexar cadro da calendarización)

**2. CARACTERÍSTICAS XERAIS DA INSTITUCIÓN**

Debe apoiarse nos documentos de organización interna, facendo referencia aos mesmos no texto.

- a. Tipo de institución e encargo institucional: fin social/ben social que proporciona a institución e principios/valores nos que se asenta.
- b. Titularidade. Capacidade e ocupación.
- c. Categorias espazo-temporais:
  - i. Emprazamento xeográfico (accesibilidade) e entorno sociocultural (características relacionadas con aspectos xeográficos, culturais, educativos, económicos e sociais)
  - ii. Infraestrutura, distribución, uso e xestión dos espazos (espazo dispoñible e empregado) e recursos.
  - iii. Organización horaria da institución.
- d. Organigrama: equipo directivo e equipo técnico (número e perfís profesionais, funcións); órganos de xestión, participación e coordinación (comisións, reunións...).
- e. Dinámica institucional: metodoloxía e forma de traballo da institucional en xeral.
- f. Coordinación e traballo en rede: relación con outras administracións e co social amplo (entidades coas que se relacionan e/ou que prestan servizos na propia institución).

**3. PROTAGONISTAS DA ACCIÓN SOCIOEDUCATIVA**

- a. Profesionais da acción socioeducativa: vinculación laboral, estabilidade laboral, formación inicial e continua, funcións e competencias.
- b. Caracterización dos colectivos destinatarios: idades, sexos, trazos formativos, socioeconómicos, (multi)culturais (procedencia, relixión...).



#### **4. DOS SERVIZOS AOS PROXECTOS**

Aplicar a técnica das nove cuestións (por que, para que, que, quen, con quen, cando, onde, como, con que).

- a. Obxectivos xerais e específicos.
- b. Actuacións, programas, proxectos... que se desenvolven.
- c. Sistemas de avaliación.
- d. Resultados (reparar na distancia, se fose o caso, entre o deseñado e o realizado para analizar os condicionantes que puideran favorecer, limitar, condicionar ou restrinxir a realización do programado).

#### **5. DIARIO DO PRÁCTICUM: ACTIVIDADES REALIZADAS E APRENDIZAXES ADQUIRIDAS**

De 5 a 7 entradas de diario organizadas tematicamente (cada tema analizado pode contemplar máis dun día de prácticas). Cada entrada debe contemplar:

- a. Descrición: das actividades desenvolvidas, aplicando a técnica das nove cuestións.
- b. Reflexión: explicación das razóns, fundamentos teórico-prácticos, condicionantes espazo-temporais, de recursos... que xustifican o enfoque dado ás accións socioeducativas.
- c. Asuntos problemáticos, cuestións éticas e interrogantes.

#### **6. CONCLUSIÓNS**

- a. Reflexión global sobre as aprendizaxes e competencias desenvolvidas no Prácticum, vinculación co plan de estudos do Grao e identificación de necesidades de formación.
- b. Reflexión global sobre a praxe da Educación Social no ámbito de prácticas: presenza, funcións, liñas de mellora, xacementos profesionais emerxentes.
- c. Propostas para cursar co mellor aproveitamento posible o Practicum I e II.

#### **7. REFERENCIAS**

#### **8. ANEXOS**

- a. Calendarización do prácticum.
- b. Relación da documentación da entidade e síntese da mesma.
- c. Diario de prácticas.